

## NOTA INFORMATIVA

### REUNIÓN NEGOCIACIÓN CONVENIO SAF GALICIA

Compañeiras e compañeiros :

No día de hoxe, 29 de novembro de 2022, CCOO e UGT reunese en sede do CGRL (Consello Galego de Relacións Laborais) para trasladar o resultado das Consultas da Proposta de acordo da Patronal alcanzada na última xuntanza na mesa negociadora do Consello Galego de Relacións Laborais do pasado día 20 de outubro.

Así pois, CCOO e UGT toman a palabra e informan da consulta dos traballadores/as a última proposta da mesa negociadora e valoran que non se reunen os condicionantes necesarios para chegar a un acordo para un Novo Convenio dado os movementos dalgunhas administracións locais (A CORUÑA, NARÓN, PADRÓN) que durante este periodo de consultas, publicaron licitacións que levaban tempo sin sair, no caso de Padrón nunca licitara.

Por parte da Patronal, da por rematada a sen acordo a negociación dun novo Convenio Galego de Axuda no Fogar. Citando textualmente que “certifican a morte” dun posible convenio colectivo, e seguir con un Convenio en ultraactividade unha década mais.

Así pois, dende CCOO e UGT, e ante a imposibilidade de chegar a un acordo por decisión do Sector, trasladamos a necesidade de que interpoñades as conseguintes demandas individuais naquelas empresas que non aboaran o 6,5 o completo.

Por outra banda dada a conflictividade anunciada pola parte Empresarial, dende CCOO e UGT emprenderemos unha campaña de reclamacións para frear os descolgues salariais comunicados xa en algúns SADs e o traballo en unidade sindical tamén nas posibles reclamacións dos ERES e ERTES presentados.

Queremos agradecer a todas as delegadas que participaron na negociación o longo de estos meses, porque están sufrindo ataques FASCISTAS, de persoas que non entenden que pensar diferente non pode ser motivo de ataques. **CCOO e UGT NUNCA VAMOS A POÑERNOS DE PERFIL ANTE O FASCISMO.**

**SEGUIREMOS INFORMANDO, E ARMANDONOS PARA A CONFLICTIVIDADE QUE SE VAI DESATAR EN CADA UN  
DOS SAF DE GALICIA**